

tración temporalmente se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- d) Por razóns de seguranza.
- e) Por causa de forza maior.
- f) Para efectuar tarefas de mantemento, reparación, substitución ou ampliación das instalacións de gas.

Salvo situacións de urxencia, o distribuidor deberá proceder a informar con anticipación suficiente ós usuarios afectados e ós comercializadores ós que preste o seu servizo sobre a intención de proceder á interrupción da subministración e data en que se procederá á interrupción. Na dita información farase constar a causa que orixina a interrupción e a data prevista para reiniciar a subministración.

En tódolos casos, o distribuidor deberá comunicar ós usuarios e comercializadores afectados o reinicio da subministración, utilizando os medios máis adecuados.

Gastos por desconexión e reconexión:

Os gastos que orixine a suspensión da subministración serán por conta da empresa distribuidora e a reconexión da subministración, en caso de corte xustifico e imputable ó consumidor, será por conta do consumidor, que deberá aboar unha cantidade equivalente ó dobre dos dereitos de enganche vixentes como compensación polos gastos de desconexión.

Reclamacións e xurisdicción:

As reclamacións, dúbidas e interpretacións das condicións da subministración e canto se relaciona con este contrato serán resoltas polo órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma onde se efectúe a subministración.

Independentemente do anterior, corresponde ós tribunais de xustiza, por instancia da parte interesada, intervir en tódalas cuestións propias da súa xurisdicción.

Ámbalas partes contratantes se someten á xurisdicción e competencia dos xulgados e tribunais que correspondan ó lugar en que se efectúe a subministración.

Características do servizo contratado:

Se fose preciso modifica-lo valor de referencia do poder calorífico superior (PCS), o cambio poderá ser efectuado logo de autorización do órgano administrativo competente. En calquera caso, as modificacións que se realicen non suporán custo ningún para o usuario.

Condicións non previstas no presente contrato:

No non previsto nas anteriores condicións observárase o disposto no Real decreto polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministracións e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, así como o disposto na normativa vixente na materia en cada momento.

25422 *REAL DECRETO 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión.* («BOE» 313, do 31-12-2002.)

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, configura a comercialización de enerxía eléctrica como unha realidade certa, materializada nos principios de liberdade de contratación e de elección de subministrador. Para a total implantación do proceso de libe-

ralización, establécese na lei un período transitorio, co propósito inicial de que a liberdade de elección fose unha realidade para tódolos consumidores nun prazo de dez anos.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, adianta o calendario da liberalización previsto, ó establecer no seu artigo 19.un que «A partir do 1 de xaneiro de 2003, tódolos consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados».

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, senta as bases que regulan os dereitos e obrigas dos comercializadores e distribuidores, os contratos de subministración a tarifa e de acceso ás redes, os dereitos de calidade da atención ó consumidor e as obrigas rexistradas dos distribuidores.

O Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, vén a adecuar as tarifas de acceso vixentes ata esta data, adaptándoas á nova situación nun contorno de elixibilidade total.

O Real decreto 385/2002, do 26 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, vén a corroborar-lo sinalado no Real decreto 1955/2000 no sentido de establece-la obriga dos distribuidores de seren os encargados da lectura en relación cos datos requiridos para a facturación das tarifas de acceso, así como da enerxía que teña que liquidarse no mercado.

Existe, por tanto, un bloque regulador comprensivo dos diferentes aspectos que afectan a subministración, das obrigas e dereitos dos axentes e das relacións entre eles. Nembargantes, resulta evidente que un incremento tan importante na liberalización da subministración eléctrica, permitindo que tódolos consumidores de enerxía eléctrica poidan escoller subministrador, só é posible se se basea en sistemas que garantan a adecuada protección do consumidor, minimicen a carga de traballo deste, estandaricen a información que hai que transmitir e os medios polos que se remite e asignen adecuadamente os custos que ocasionan as subministracións.

Este real decreto vén a completa-la regulación existente relativa á subministración para facela extensiva á totalidade dos consumidores de baixa tensión, de tal forma que sexa posible a plena elixibilidade o 1 de xaneiro de 2003.

O reto co que se enfronta o mercado o próximo 1 de xaneiro é o paso dos 62.000 clientes que na actualidade poden elixir subministrador ós máis de 21 millóns de clientes que existen na totalidade do mercado, dos cales o 97 por cento son consumidores domésticos. Isto supón o incremento máis importante en número de consumidores desde que se iniciou a liberalización do sector.

A implantación efectiva da plena liberalización da subministración o 1 de xaneiro de 2003 esixe unha revisión dos procedementos de contratación existentes que faciliten a incorporación dos consumidores ó mercado.

Non se pode pasar por alto o feito de que os mecanismos que neste ámbito establecidos na regulación existente estaban previstos para unha determinada etapa de liberalización, 62.000 clientes, polo que en moitos casos non resultan adecuados cando se incorporan máis de 21 millóns de consumidores. Neste caso as relacións multiplícanse significativamente e se a organización dos procesos de cambio de subministrador non fosen áxiles, podería crearse unha barreira simplemente administrativa que atrasaría o exercicio da liberdade de elección.

Por iso o alcance da norma límitase ós consumidores que ata o 1 de xaneiro de 2003 non tiñan a condición de consumidores cualificados, basicamente os consumidores en baixa tensión, así como ós distribuidores e comercializadores na medida en que participan nos procesos necesarios para a subministración de electricidade ós ditos consumidores.

Establécense os criterios específicos que lles permita axilizar a estes consumidores en baixa tensión a formalización de contratos de tarifas de acceso e de adquisición de enerxía e os cambios de modalidade de contratación. Un aspecto que se recolle é a informatización dos datos que os distribuidores deben manter dos seus clientes así como de medios e axentes que poden acceder a eles, diferenciando entre datos do punto de subministración accesibles a tódolos suxeitos do sistema e datos restrinxidos a certos axentes.

Pola súa parte estandarízanse os procedementos que cómpre seguir en caso de rescisión ou finalización destes contratos e determináanse os prazos para o paso de tarifa de subministración a tarifa de acceso e os prazos para cambio de comercializador. Establécense prazos diferenciados segundo se requiran ou non actuacións sobre as instalacións e segundo o ciclo de lectura e facturación.

Determina as condicións, medios de comunicación, prazos e procedementos para atende-las solicitudes de modificación de forma de contratación recibidas polos distribuidores.

A norma foi sometida a informe previo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-las condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e acceso a redes en baixa tensión, dos procedementos de xestión e administración dos ditos contratos, procedementos de cambio de subministrador e a forma de liquidar a enerxía a partir da aplicación de perfís de consumo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación ós consumidores en baixa tensión que adquiren a súa enerxía a tarifa de subministración ou a través dun comercializador, ós distribuidores e ós comercializadores de enerxía eléctrica como participantes nos procesos necesarios para a subministración de electricidade ós ditos consumidores.

Artigo 3. *Formalización de contratos de tarifas de acceso e de adquisición de enerxía.*

O consumidor pode optar por contratar directamente o acceso ás redes co distribuidor e a enerxía cun comercializador ou por contrata-la enerxía e o acceso ás redes a través dun comercializador.

1. Os consumidores que opten por contrata-lo acceso ás redes directamente co distribuidor quedarán obrigados a achegar a este último xustificación documental acreditativa da existencia dun contrato de adquisición de enerxía cun comercializador así como documentación acreditativa da súa duración.

2. No caso en que o consumidor opte por contrata-la enerxía e o acceso ás redes a través dun comercializador, este último só poderá contratar co distribuidor o acceso ás redes como mandatario do consumidor. O contrato de subministración entre o consumidor e o comercializador deberá formalizarse por escrito. Nel deberá incluírse unha autorización para que o comercializador poida actuar como mandatario do consumidor, contratando co distribuidor a tarifa de acceso e traspasar ó distribuidor os datos necesarios para a subministración. A recollida, tratamento e traspaso destes datos deberán observar en todo momento as previsións establecidas na normativa sobre protección de datos de carácter persoal que resulte de aplicación.

3. No caso en que o consumidor opte por contrata-la enerxía e o acceso ás redes a través dun comercializador que actúa como substituto do consumidor, o distribuidor poderá esixir-lo poder suficiente outorgado polo consumidor a favor do comercializador. Neste caso a posición do comercializador no contrato de acceso subscrito será para tódolos efectos o do consumidor correspondente.

4. No caso en que o consumidor cualificado opte por contrata-lo acceso ás redes a través dun comercializador, este deberá informa-lo consumidor no relativo á facturación correspondente á tarifa de acceso de acordo co establecido no artigo 81.3 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Artigo 4. *Duración dos contratos e cambios de modalidade de contratación.*

1. Os contratos de tarifa de acceso son de duración anual, prorrogándose tacitamente por períodos idénticos. As excepcións que contempla a normativa sobre tarifas de acceso en relación coa duración dos contratos eventuais, de temporada, de interconexións internacionais, para subministración de enerxía adicional e para subministracións a instalacións acollidas ó réxime especial, non serán de aplicación para os contratos en baixa tensión de tarifa de acceso.

2. Os consumidores que opten por volver á tarifa de subministración, deberán manterse nesta modalidade de contratación durante polo menos un ano, sen que sexa posible subscribir un novo contrato de adquisición de enerxía e acceso a redes antes de transcorrido o dito prazo.

3. Naqueles casos en que se pase de tarifa de subministración a tarifa de acceso, de maneira que o cambio supoña só unha modificación de modalidade de contratación, non procederá cargo adicional ningún. No caso de que se modifique a potencia contratada ou se realicen actuacións esixibles sobre os aparellos de medida e control ou sobre as instalacións, seguirase o disposto na normativa vixente.

4. O cambio de modalidade de contratación de tarifa de subministración a tarifa de acceso, non extinguirá as obrigas de pagamento que se contraesen entre os suxeitos como consecuencia da modalidade de contratación anterior, manténdose, en particular, a posibilidade de suspensión da subministración por parte dos distribuidores, pola falta do pagamento á tarifa anteriormente contratada, nos casos e coas condicións previstas na sección 4.^a do título VI do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro.

Artigo 5. *Rescisión ou finalización de contratos de adquisición de enerxía en baixa tensión.*

Agás nos casos en que a causa de rescisión dun contrato sexa a falta de pagamento das facturacións

por parte do consumidor, caso en que se seguirá o disposto no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, cando se rescindise un contrato de adquisición de enerxía en baixa tensión entre un consumidor e un comercializador antes da data da súa expiración, ou finalízase a duración do contrato, o comercializador deberálle notificar ó consumidor e ó distribuidor.

Na dita notificación enviada ó consumidor e ó distribuidor, sinalarase que, agás que o consumidor acredite dispoñer dun contrato de adquisición de enerxía con outro comercializador ou solicite ó distribuidor o paso a tarifa de subministración, o distribuidor procederá a lle facturar ó consumidor a tarifa de subministración correspondente transcorridos quince días hábiles desde a data da notificación. Esta remisión deberase efectuar por correo certificado ou calquera outro medio que garanta de forma que dea fe a comunicación. A empresa distribuidora procederá a lle facturar ó consumidor de acordo co anterior a partir do prazo anteriormente citado, salvo que nos quince días de aviso previo, o comercializador indicase o contrario ou o consumidor acreditase un novo contrato de adquisición de enerxía cun comercializador ou subscribise un contrato a tarifa de subministración.

Cando o comercializador de enerxía eléctrica non lles comunicase ó consumidor e á empresa distribuidora a rescisión do contrato de adquisición de enerxía, a empresa distribuidora quedará exonerada de calquera responsabilidade sobre a enerxía entregada ó consumidor, que será por conta do comercializador.

Artigo 6. *Condicións e prazos para o paso de tarifa de subministración a tarifa de acceso e prazos para cambio de comercializador.*

1. Será condición necesaria para que os consumidores poidan subscribir contratos de adquisición de enerxía e de tarifa de acceso, que os seus equipos de medida e de control de potencia reúnan os requisitos esixibles para poder efectua-lo cálculo das tarifas de acceso e liquidación da enerxía.

2. Naqueles puntos de subministración en baixa tensión en que non se precise realizar actuacións sobre as instalacións para que sexa posible o paso de tarifa de subministración a tarifa de acceso, este deberá producirse dentro dos seguintes prazos:

a) Para aquelas subministracións con ciclo de lectura e facturación bimestral, o consumidor, poderá optar por que o paso ó mercado liberalizado se faga dentro do prazo de quince días seguintes á solicitude, ou cando corresponda segundo ciclo de lectura, o que se lle comunicará directamente ó distribuidor ou ben ó comercializador cando este actúe como mandatario ou substituto seu.

b) Para aquelas subministracións con ciclo de lectura e facturación mensual, o paso a contrato de adquisición de enerxía e de tarifa de acceso farase cando corresponda segundo ciclo de lectura.

Naqueles puntos de subministración en baixa tensión nos que se precise que o distribuidor realice actuacións sobre as instalacións para o paso de tarifa de subministración a contrato de adquisición de enerxía e de tarifa de acceso, o dito paso producirase cando se realicen as citadas actuacións, que en todo caso deberán axustarse ós prazos regulamentariamente establecidos. Con este fin o distribuidor procederá a realiza-lo peche de lecturas xunto coas actuacións nas instalacións.

3. Os prazos establecidos no punto anterior tamén deberán observarse nos procesos de cambio de comercializador.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá o procedemento de estimación de medida aplicable ós cambios de subministrador cando, de acordo co establecido nos puntos anteriores, estes se produzan fóra do ciclo de lectura.

5. Naqueles puntos de subministración que non dispoñan de rexistro de consumo horario, non poderá contratarse simultaneamente a adquisición de enerxía con máis dun comercializador. No caso en que dispoñan de rexistro de consumo horario, só poderán contratar cun único comercializador en cada período de liquidación da enerxía.

Artigo 7. *Sistema de información de puntos de subministración.*

1. As empresas distribuidoras deben dispoñer dunha base de datos referidos a tódolos puntos de subministración conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, permanentemente actualizada, na que consten polo menos os seguintes datos:

- a) Código universal de punto de subministración.
- b) Empresa distribuidora.
- c) Localización do punto de subministración.
- d) Poboación do punto de subministración.
- e) Provincia do punto de subministración.
- f) Tarifa en vigor, de subministración ou acceso.
- g) Tensión de subministración.
- h) Dereitos de extensión recoñecidos.
- i) Dereitos de acceso recoñecidos.
- j) Potencia máxima autorizada por boletín de instalador autorizado.
- k) Potencia máxima autorizada por acta de autorización de posta en marcha de instalacións de alta tensión.
- l) Tipo de perfil de consumo.
- m) Tipo de equipo de medida.
- n) Propiedade do equipo de medida.
- ñ) Data da última lectura.
- o) Disponibilidade de interruptor de control de potencia.
- p) Consumo do último ano natural (por discriminación horaria e por meses).
- q) Potencias contratadas en cada período.
- r) Data do último movemento de contratación.
- s) Data límite dos dereitos recoñecidos de extensión.

As empresas distribuidoras deberán dotarse dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta de datos do rexistro de puntos de subministración e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos consumidores e os comercializadores de enerxía eléctrica.

2. Os consumidores terán dereito de acceso ós seus datos contidos neste rexistro de forma gratuíta.

3. Os comercializadores poderán acceder ós datos seguintes deste rexistro, na forma e cos requisitos que establezan as disposicións de desenvolvemento deste real decreto:

- a) Empresa distribuidora.
- b) Localización do punto de subministración.
- c) Poboación do punto de subministración.
- d) Provincia do punto de subministración.
- e) Tensión de subministración.
- f) Dereitos de extensión recoñecidos.
- g) Dereitos de acceso recoñecidos.

Artigo 8. Condicións, prazos, medios e sistemas de comunicación das solicitudes de modificación da forma de contratación.

1. Os distribuidores deberán contestar as solicitudes de modificación da forma de contratación dos consumidores que optasen por contratar directamente o acceso ás redes co distribuidor e ás peticións dos comercializadores que actúen como mandatarios ou substitutos dos consumidores que optasen por contratar a enerxía e o acceso ás redes a través do dito comercializador, relativas ós procedementos que se detallan no parágrafo seguinte, nun prazo de cinco días hábiles, comunicándolles se procede atender as ditas solicitudes ou se existen obxeccións que impidan a súa realización.

Os procedementos establecidos para atender as ditas solicitudes referiranse principalmente ós procesos de paso de contrato a tarifa de subministración a contrato de tarifa de acceso, cambio de comercializador, cambio de condicións contractuais dos contratos de acceso, baixa de contratos, procesos auxiliares de anulación e reposición para cada un dos procedementos anteriormente citados e mecanismos de acceso e mantemento do Rexistro de puntos de medida.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, desenvolverá os procedementos a que se fai referencia no punto anterior, relativos ós procesos de xestión e administración dos contratos de adquisición de enerxía e acceso a redes en baixa tensión.

3. Os comercializadores e os distribuidores deben instalar os sistemas e medios informáticos necesarios para intercambiar a información a través de caixas de correos FTP con ficheiros e formatos preestablecidos ou outro sistema previamente aprobado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

4. Os consumidores poderán realizar as súas solicitudes persoalmente nas oficinas da empresa distribuidora, por escrito mediante correo certificado ou polos medios informáticos anteriormente descritos. Nas ditas comunicacións deberase facer constar de forma que dea fe a data da solicitude e a de recepción por parte do distribuidor.

5. Os distribuidores que teñan implementados os sistemas de comunicación que se sinalan no punto terceiro deste artigo quedarán exonerados do cumprimento dos prazos de resposta ás solicitudes que presentadas polos comercializadores que se recollen no punto primeiro deste artigo, entrementes estas non se reciban polos sistemas telemáticos establecidos, sen prexuízo de que deban cumprir os prazos para a realización das distintas actuacións que sinala a normativa.

Artigo 9. Liquidacións de enerxía a partir da aplicación de perfís de consumo.

1. Para aqueles puntos de subministración que, de acordo coa normativa aplicable, non teñan a obriga de dispoñer de rexistro de consumo horario nos seus equipos de medida, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas determinará, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía e para efectos de liquidación da enerxía, o perfil de consumo e o método de cálculo aplicables a cada grupo de consumidores, en función da tarifa de acceso contratada e os equipos de medida e control instalados.

2. Para a estimación do perfil de carga representativo dos consumidores con tarifas de acceso 2.0A e 2.0NA poderase utilizar un panel representativo dos consumidores. Antes do 31 de decembro de 2003, os dis-

tribuidores deberán instalar e xestionar os equipos do panel que lles correspondan, o número e características dos cales serán determinados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía.

Disposición adicional primeira. Inclusión do código unificado de punto de subministración.

O distribuidor deberá incluír nos seus contratos de tarifa de subministración e de tarifa de acceso así como nas facturacións que se deriven de calquera das dúas modalidades, o código unificado de punto de subministración coas características que se sinalan no Real decreto 385/2002, do 26 de abril.

Disposición adicional segunda. Rescisión anticipada de contratos de adquisición de enerxía.

Cando se rescindise un contrato de adquisición de enerxía en baixa tensión entre un consumidor e un comercializador antes da data de expiración del, seguirase o disposto no artigo 5 deste real decreto, non sendo de aplicación o establecido con carácter xeral para estes efectos no artigo 86.2 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, excepto, nos casos en que a causa de rescisión do contrato sexa a falta de pagamento das facturacións por parte do consumidor.

Disposición adicional terceira. Tratamento do comercializador como substituto do consumidor nos contratos de subministración en alta tensión.

Nos contratos de subministración eléctrica en alta tensión, cando o consumidor opte por contratar a enerxía e o acceso ás redes a través dun comercializador que actúa como substituto do consumidor, o distribuidor poderá esixir o poder suficiente outorgado polo consumidor a favor do comercializador. Neste caso a posición do comercializador no contrato de acceso suscrito será para tódolos efectos o do consumidor correspondente.

Disposición transitoria única. Prazos para a instalación de elementos de control de potencia das tarifas de acceso 2.0A e 2.0NA.

Durante o ano 2003, o prazo para a instalación e precintado dos interruptores de control de potencia que deben ter instalados os consumidores que se acollan ás tarifas 2.0A e 2.0NA será dun mes desde a concesión do acceso a redes.

No caso en que se modifique a potencia respecto á que tiña a subministración cando estaba acollida a tarifa de subministración, o contrato de acceso de terceiros á rede producirá os seus efectos, de forma provisional, coa mesma potencia que tiña contratada o consumidor cando se encontraba acollido a tarifa de subministración, entrando en vigor dentro dos quince días seguintes á solicitude, ou segundo ciclo de lectura, segundo elección do consumidor. Unha vez que se dispoña do interruptor de control de potencia adecuado para as tarifas de acceso procederase a actualizar, se é o caso, o contrato cos novos valores.

Malia o anterior, no caso en que a potencia contratada nestas tarifas de acceso, sexa a mesma que tiña a subministración cando estaba acollida a tarifa de subministración, o prazo para a instalación dos interruptores de control de potencia será de tres meses desde a concesión do acceso ás redes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Outras posibilidades de contratación.*

Autorízase os consumidores cualificados en baixa tensión para contrataren a enerxía con produtores en réxime ordinario e especial ou accedendo directamente ó mercado organizado de produción, sempre que estean dados de alta na sección terceira do rexistro administrativo de distribuidores, comercializados e consumidores cualificados do Ministerio de Economía e cumpran tódolos requisitos establecidos na normativa para os axentes compradores do mercado de produción de enerxía eléctrica. Só poderán dispoñer dun contrato de adquisición de enerxía cun único suxeito en cada período de liquidación da enerxía.

Nestes casos deberán dispoñer de rexistro de consumo horario, sendo os requisitos dos equipos de medida que se instalen os esixibles ós consumidores de alta tensión establecidos no Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, coas modificacións introducidas no Real decreto 385/2002, do 26 de abril.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico das medidas.*

Este real decreto ten carácter de básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución e no artigo 3.1 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Disposición derradeira terceira. *Normas de desenvolvemento.*

O ministro de Economía queda facultado para dicta-las normas que sexan precisas para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO